

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

RESOLUCIÓN do 31 de maio de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo da comisión negociadora do convenio de actores e actrices de teatro de Galicia.

Visto o acordo suscrito o 24 de maio de 2013, dunha parte a Agadic e Escena Galega, e doutra CC.OO., UGT, CIG e AAAG, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

ACORDA:

Primeiro. Ordenar a inscrición do devandito acordo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo. Depositar o texto orixinal no correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro. Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2013

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Traballo e Economía Social

ANEXO

O motivo da xuntanza é proceder á modificación, con efectos única e exclusivamente para as compañías privadas e para o ano 2013, do convenio colectivo actualmente en vigor.

Logo das oportunas deliberacións e debate e ante a difícil situación pola que está a atravesar o sector de actores e actrices de teatro en Galicia, de conformidade e conforme



as competencias que lle atribúe o artigo 86.2, parágrafo segundo, do Real decreto 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, as representacións que compoñen e forman parte desta comisión negociadora acordan o seguinte:

1º Aplicarase desde o 1 de xaneiro de 2013 un incremento salarial do IPC en 31.12.12, e aprázase ata o 1 de xaneiro de 2014 a suba do 5 % prevista no convenio.

Así mesmo, acórdase subir o IPC directamente sobre o salario do bolo sen aplicar a fórmula establecida no anexo I do convenio actualmente en vigor.

2º Para efectos de xerar o dereito a unha axuda de custo completa deberán superarse as oito horas de traballo, ata esas oito horas corresponderá media axuda de custo.

3º O importe de aboamento do bolo correspondente ao segundo día e consecutivos redúcese nun 25 % con respecto ao previsto no convenio, agás as segundas e terceiras funcións que se celebren no mesmo día, cuxa redución xa está prevista no convenio colectivo.

4º Acórdase a posibilidade de celebrar contratos corridos cunha duración de sete días sempre que non se celebren neles máis de tres funcións ou contratos corridos cunha duración de quince días sempre que non celebren neles máis de oito funcións.

5º Acórdase refundir, con respecto ao salario por bolo, as compañías privadas A e B nunha soa categoría (compañías privadas). Tal modificación entrará en vigor a partir do 1 de xuño de 2013.

6º As táboas salariais para as compañías privadas para o ano 2013 quedan do seguinte xeito:

Salario mensual 2013	Compañías grupo A	Compañías grupo B
Protagonista	1.841,53 €	1.534,86 €
Principal	1.624,88 €	1.343,00 €
Secundario	1.336,02 €	1.247,07 €
Elenco	1.190,57 €	1.055,21 €
Axudas de custo Galicia	43,17 €	43,17 €

Salario bolo 2013	Compañías grupo A e grupo B
Protagonista	168,69 €
Principal	151,69 €
Secundario	135,07 €



Salario bolo 2013	Compañías grupo A e grupo B
Elenco	119,24 €
Axudas de custo Galicia	43,17 €

R. gravación 2013	Compañías grupo A	Compañías grupo B
Protagonista	387,69 €	368,42 €
Principal	349,16 €	329,90 €
Secundario	305,82 €	301,00 €
Elenco	272,10 €	262,47 €

Salario bolo de xaneiro a xuño 2013	Compañías grupo A	Compañías grupo B
Protagonista	173,73 €	163,65 €
Principal	156,32 €	147,05 €
Secundario	136,53 €	133,61 €
Elenco	121,46 €	117,01 €

7º Acórdase delegar no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a realización dos trámites de rexistro, depósito e publicidade do contido dos presentes acordos de modificación do convenio de actores e actrices de teatro de Galicia.

Por último a representación da Agadic solicita que conste expresamente na acta que as táboas salariais das compañías institucionais de aplicación, e actualizadas conforme a normativa vixente, Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, son as seguintes:

Categoría	Mes
1ª Protagonista	2.608,42 €
2ª Principal	1.975,01 €
3ª Secundario/a	1.479,49 €

Ao respecto das táboas presentadas pola Agadic, as representacións sindicais presentes na comisión solicitan que conste expresamente na acta a súa desconformidade co contido delas, por entender que a redución aplicada na súa elaboración non debería afectar os actores e actrices contratados pola Agadic.

E non tendo máis asuntos que tratar, remata a reunión á 12.30 horas do día da data e expídese para o seu efecto esta acta que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.

